

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA A ORGANIZACIÓN DA VIII EDICIÓN DA FEIRA BIENAL GALIFOREST

REUNIDOS

Dunha parte, Don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes e presidente do Padroado da Fundación Semana Verde de Galicia, que actúa no seu nome e representación, ao amparo das facultades que para se lle confiren no artigo 13 dos Estatutos da Fundación, e segundo o acordado na reunión do Padroado do 28 de agosto de 2008, nos termos e condicións atribuídas polo Padroado; con CIF nº. G-36.155.208, domiciliada en Silleda (Pontevedra) no Recinto Feiral s/n.

Doutra parte, Dna. María Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Economía e Industria e presidente da Axencia Galega da Industria Forestal, con NIF Q1500422I, e domicilio en Avda. Fernando de Casas Novoa, 38 San Lázaro, 15707 Santiago de Compostela, que actúa como presidente da citada Axencia de acordo co establecido no artigo 12 do Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos.

Cada un intervén en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro. Que a Axencia Galega da Industria Forestal é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A Axencia adscíbese á Consellería de Economía e Industria, segundo disposto no Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, e ten como finalidade actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada á industria forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal.



Segundo. A Fundación Semana Verde de Galicia é unha institución sen fin de lucro creada no 1991, declarada de interese galego. A Fundación ten entre os seus fins:

1. Contribuír ao desenvolvemento do sector agrario galego, a través de actividades feirais e de mercados agropecuarios.
2. Promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no campo agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar o avance continuo dos devanditos sectores.
3. Reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacional.

A Fundación organiza o 100% da oferta feiral profesional de Galicia centrada nos sectores forestal e agrogandeiro e o 95% no terreo agroalimentario. A labor da Fundación Semana Verde de Galicia nestes campos conta cun grande recoñecemento.

Terceiro. Que a explotación e o aproveitamento dos recursos son parte esencial do sector forestal galego e que reiteradas demandas dende o mesmo reclaman a organización dun novo salón profesional centrado nestes dous aspectos.

Neste senso, organizado pola Fundación Semana Verde de Galicia, Galiforest convocou por primeira vez o sector forestal en xuño de 2010 no Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude. Dende entón, a Fundación ten organizado o certame en sete edicións anteriores, por tratarse da única entidade con experiencia e capacidade para a organización e xestión de eventos relacionados coa oferta feiral profesional de Galicia centrada nos sectores forestal, agrogandeiro e agroalimentario.

O VIII Monográfico Forestal Internacional para o Sur de Europa, Galiforest, será un salón dirixido a profesionais nun escenario singular, unha exposición dinámica no monte en condicións reais de traballo, correspondendo a súa organización como nas edicións anteriores á Fundación Semana Verde de Galicia.

O evento celebrarase entre o 2 e o 4 de xullo de 2026, no monte e instalacións do Centro de Experimentación Agroforestal de Sergude (Boqueixón), que constitúe un lugar con condicións reais de traballo e, ao mesmo tempo, atópase moi ben conectado cara á asistencia do público interesado (proximidade a Santiago de Compostela e ao seu aeroporto e acceso á AP53).



Conta con axeitadas infraestruturas e masas forestais para demostracións, tanto para as grandes máquinas como para visitantes, entradas asfaltadas, aparcadoiros e edificacións.

Trátase de xerar un espazo de encontro forestal que posibilite a xeración de negocio, innovación e divulgación tanto técnica como social. O certame contará cunha gran área expositiva dirixíndose a un público con perfil profesional, se ben, aberto a calquera tipo de público.

Desenvolverase nun entorno real para o traballo forestal, o monte. O certame ocupará unha superficie de máis dunha hectárea e espérase a asistencia dunhas 400 firmas expositoras procedentes de máis de 30 países e unha afluencia media duns 3.000 visitantes diarios.

Permitirá ás empresas forestais levar a cabo probas de rozas, astelados, tala de madeira, apiado de produtos, carga directa en camión o indirecta en autocargadores, transporte de madeira no monte, sementeira mecánica, aproveitamento de residuos forestais (biomasa), etc., nas que participarán empresas de todo o sector produtivo, tanto fabricantes, como distribuidores de motoserras, grúas, autocargadores, vehículos de transporte, etc.

Na última edición (2024) programáronse mais de 200 demostracións de maquinaria, que se realizaron de maneira e nas que se puido ver todo tipo de traballos forestais, estando previsto manter ou mellor esta cifra na presente edición.

Cuarto. É vontade da Axencia Galega da Industria Forestal, colaborar conxuntamente coa Fundación Semana Verde na realización das actividades de organización do VIII evento monográfico forestal internacional para o sur de Europa mencionado no expoñendo quinto.

A Fundación é a única entidade con experiencia e capacidade suficiente para a organización e xestión de eventos relacionados coa oferta feiral profesional de Galicia centrada nos sectores forestal, agrogandeiro e agroalimentario, estando estas actividades especificamente recollidas nos fins fundacionais da entidade. Por este motivo, para a sexta edición propónse a sinatura dun convenio de colaboración coa Fundación Semana Verde de Galicia, por non ser viable promover a concorrencia competitiva deste eido.

Quinto. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente



convencional, deste xeito o presente convenio está excluído da aplicación da Lei 9/2017 de acordo co seu artigo 6.

Sexto. Este convenio tramítase como expediente anticipado de gasto ao amparo do disposto no artigo 1.1º da Orde da Consellería de Economía do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, ao existir crédito axeitado e suficiente no proxecto de Lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto.

Asemade, segundo o establecido no artigo 5 da antedita Orde, todos os actos de trámite ditados no desenvolvemento desta Orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada o orzamento, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos aqueles.

As partes acordan asinar o presente convenio de colaboración de acordo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as condicións da colaboración conxunta entre a Axencia Galega da Industria Forestal e a Fundación Semana Verde para a organización no ano 2026 dunha nova edición da feira bienal de carácter monográfico forestal internacional para o sur de Europa que ten como obxectivos principais os seguintes:

1. Ser punto de encontro e referencia profesional para o sector
2. Consolidación como feira profesional monográfica no ámbito xeográfico do Suroeste da Unión Europea.
3. Promocionar a estrutura empresarial e produtiva do sector.
4. Fomentar unha conciencia social a favor do medio ambiente e os seus recursos.
5. Promover as boas prácticas no uso da maquinaria forestal.



Segunda. Compromisos da Fundación Semana Verde de Galicia

A Fundación Semana Verde, ao seu cargo, asume as seguintes obrigas:

1. Involucrar ao sector forestal na realización do evento. Para iso, divulgará e invitará a participar ás entidades vinculadas aos diferentes campos do sector.
2. Promover acordos con diferentes organismos como ICEX, Cámaras de Comercio, Asociacións Profesionais para a realización de misións comerciais que darán o carácter internacional a este monográfico.
3. Promover acordos con diferentes empresas líderes, para traer a os principais fabricantes internacionais
4. Lanzamento dunha campaña de comunicación que destaque as novidades e os elementos diferenciais do certame.
5. Xestionar ante a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal) e a Consellería do Medio Rural a cesión do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude, para que sirva como sede de Galiforest 2026.
6. Contratar un seguro responsabilidade civil para prever os riscos e incidencias que puideran xurdir durante a montaxe, a desmontaxe e celebración da exposición e as actividades demostrativas e formativas.
7. Destinar unha zona equipada stand, equipamento e mobiliario no certame Galiforest 2026 para a difusión das políticas de ámbito forestal desenvolvidas pola Consellería de Economía e Industria e por aquelas asociacións sectoriais que colaboren e teñan dinámicas comúns coa propia Axencia Galega de Industria Forestal. O propio stand será un elemento máis dos elementos de comunicación das accións desenvolvidas pola Axencia, elaborándose con madeira procedente de montes galegos xestionados de forma sustentable (PEFC ou FSC) con garantía da súa rastrexabilidade mediante o uso da plataforma FORTRA.
8. Autorizar á Xera a utilización de todos os espazos dispoñibles libres para a realización de actividades de divulgación, podéndose facer estas individualmente por Xera ou en colaboración ou conxuntamente con asociacións, organismos, entidades, fundacións, ou centros educativos sen ánimo de lucro que teñan actividades de interese para a cadea de valor monte industria.
9. A Fundación cederá ao Xera, a copia do material promocional, divulgativo, formativo, congresual e técnico que se produza e xere con motivo deste salón monográfico forestal, que poderá ser usado polo Xera para calquera actuación que considere acada dentro do seu ámbito de competencia.



Terceira. Compromisos da Axencia Galega da Industria Forestal

A Consellería de Economía e Industria, por medio do persoal da Axencia Galega da Industria Forestal, cooperarán efectivamente no desenvolvemento da organización do evento, intervindo activamente na realización do mesmo, de forma que o resultado beneficie e teña proveito para as dúas partes sen que exista ánimo de lucro para ningunha delas.

Todas elas asumen as seguintes obrigas:

1. Formar parte do Comité de Galiforest, asumindo a Presidencia o director da Axencia Galega da Industria Forestal.
2. Achegar material de divulgación sobre temas da súa competencia.
3. Facer un seguimento e análise dos resultados da feira.

Cuarta. Financiamento

Orzamento total do VIII Monográfico Forestal Internacional para o Sur de Europa é de 205.000 €, que serán financiados do seguinte xeito:

- Total de gastos financiados por XERA: 125.000,00 €.
- Total de gastos financiados pola Fundación Semana Verde de Galicia: 80.000 €

A Achega da Axencia Galega da Industria Forestal será de cento vinte cinco mil euros (125.000 €, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 2026.09.A4.741A.640.0, código de proxecto 2018 00002 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026.

Sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa natureza como un investimento de carácter inmaterial que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería de Economía e Industria neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais que se poidan materializar en activos.

A colaboración financeira da Axencia Galega da Industria Forestal neste convenio non terán o carácter de prezo, senón de achega que se realiza para compensar á Fundación Semana Verde de Galicia os gastos nos que incorre no desenvolvemento e difusión do dito evento.

A Fundación Semana Verde remitirá un informe das actuacións realizadas ao abeiro do convenio, desde o seu comezo ata o momento da xustificación, que deberá ser aprobado previamente ao pagamento. O informe incluírá os



documentos, informes e publicacións elaborados ao abeiro do convenio durante o período obxecto de xustificación.

Quinta. Xustificación e pagamento

A XERA efectuará o pago das cantidades comprometidas no presente convenio á Fundación Semana Verde de Galicia no momento de presentación das correspondentes facturas correspondentes ás partidas que figuran no anexo e acreditación de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias e á Seguridade Social e a declaración de que non recibiu axudas para o mesmo obxecto.

Asemade, remitirase unha relación dos ingresos efectivamente recadados pola celebración da VIII edición da feira bienal Galiforest.

A totalidade da documentación xustificativa deberá terse remitido ás partes antes do 1 de outubro de 2026.

As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos custos derivados da execución do convenio.

Sexta. Réxime de persoal

A sinatura deste convenio non implica relación laboral ou de calquera outro tipo entre os profesionais encargados de executar as actividades que constitúen o seu obxecto e a Axencia Galega da Industria Forestal, de tal xeito que non se poderá esixir a estas ningún tipo de responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento, nin polos incumprimentos nos que puidera incorrer a Fundación, nas súas relacións cos traballadores aos que encomende a realización do traballo. En consecuencia a Fundación Semana Verde de Galicia asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

Sétima. Comisión de Seguimento

Para a xestión do convenio de colaboración constituirase unha comisión de seguimento composta por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

Esta comisión encargarse da xestión, seguimento das actuacións e avaliación dos resultados, e desenvolverase durante toda a duración do convenio de



xeito continuado, establecendo e definindo as pautas de actuación e supervisando tecnicamente as accións previstas no mesmo. A comisión resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir durante a execución do convenio, conforme ao artigo 49.f) da lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A comisión, a petición da Fundación Semana Verde, poderá aprobar modificacións entre as partidas de gastos financiados consignadas no anexo I, sen que en ningún caso as ditas modificacións supoñan nin incremento do gasto máximo financiado, nin modificación das aplicacións orzamentarias establecidas na cláusula cuarta deste Convenio.

Igualmente, a petición da Fundación Semana Verde, a Comisión poderá aprobar modificacións entre os conceptos de cada unha das partidas de gastos financiados e consignados no anexo I sen que, en ningún caso, estas modificacións supoñan un incremento do gasto máximo financiado de cada unha das partidas, nin modificación das aplicacións orzamentarias establecidas na cláusula cuarta deste Convenio.

Oitava. Resolución

Son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- As modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita das partes asinantes.

Novena.- Protección e Seguridade da Información

No desenvolvemento do presente Convenio adoptaranse e respectaranse as medidas de seguridade requiridas pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e o seu Regulamento de desenvolvemento.

Décima. Réxime.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Atópase excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do



Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Décimo primeira. Transparencia e Rexistro

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décimo segunda. Controversias

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán solventarse pola comisión de seguimento á que se refire a cláusula sexta do presente convenio. A xurisdición contenciosa administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse.

Décimo terceira. Vixencia

O convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e rematará o 30 de outubro de 2026.

Décimo cuarta.- Publicidade

O presente convenio de colaboración, unha vez asinado, inscribírase no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, segundo o disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais e o resto das especificacións que constan neste convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no



Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Así mesmo, as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

Así mesmo, ambas organizacións farán constar a colaboración da FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA e da Xunta de Galicia en todos os materiais e demais documentos que deriven da execución das actividades do convenio e incluírá o logo da Xunta de Galicia, conforme ao establecido no Manual de identidade corporativa. Por engadido, nas publicacións realizadas en redes sociais incluírá o cancelo «#GaliciaéMadeira» e empregará a ferramenta @ para enlazar correctamente cos perfís da Axencia:

- LinkedIn: www.linkedin.com/company/xera-axencia-da-industria-forestal
- Facebook: www.facebook.com/xeraindustriaforestal
- Instagram: <https://www.instagram.com/xera.xunta/>

E, en proba de conformidade, asinan o presente convenio en Santiago de Compostela na data de sinatura electrónica.

O Presidente do Padroado da Fundación
Semana Verde de Galicia

A Presidenta da Axencia Galega da
Industria Forestal

Diego Calvo Pouso

María Jesús Lorenzana Somoza



ANEXO I: RELACIÓN DE GASTOS FINANCIADOS EN GALIFOREST 2026





Partida	Concepto	Entidad		Total
		XERA	FSVG	
Montaxe Medios Propios				
	Sonorización e audiovisuais	5.000 €	500 €	5.500 €
	Adecuación e preparación da zona	2.000 €	2.500 €	4.500 €
	Montaxe de carpas e mobiliario	32.250 €	12.400 €	44.650 €
	Sinalización e cartelería	4.000 €	500 €	4.500 €
	Aluguer de maquinaria e equipos	10.000 €	2.500 €	12.500 €
	Transportes	2.150 €	75 €	2.225 €
	Outros	2.000 €	1.000 €	3.000 €
	Total Partida	57.400 €	19.475 €	76.875 €
Plan de Medios				
	Campaña de comunicación en prensa, revistas técnicas, radio, televisión, internet, redes sociais,...	25.000 €	7.500 €	32.500 €
	Articulo/Reportaxe temática interés de XERA	1.000 €	0 €	1.000 €
	Total Partida	26.000 €	7.500 €	33.500 €
Vixilancia e Seguridade				
	Durante a feira	5.500 €	1.500 €	7.000 €
	Durante a montaxe e desmontaxe	1.000 €	1.000 €	2.000 €
	Total Partida	6.500 €	2.500 €	9.000 €
Servizos Varios de Loxística				
	Plan de emerxencias e control da súa execución	3.000 €	500 €	3.500 €
	Servizos médicos	3.500 €	1.250 €	4.750 €
	Servizos de restauración	0 €	1.000 €	1.000 €
	Outros	500 €	500 €	1.000 €
	Total Partida	7.000 €	3.250 €	10.250 €
Servizos de Limpeza				
	Durante a feira	1.000 €	150 €	1.150 €
	Durante a montaxe e desmontaxe	250 €	100 €	350 €
	Alquiler aseso químicos	1.750 €	1.000 €	2.750 €
	Produtos de limpeza	100 €	25 €	125 €
	Total Partida	3.100 €	1.275 €	4.375 €
Promoción Institucional				
	Viaxes, aloxamento e manutención	4.750 €	4.750 €	9.500 €
	Outros	250 €	250 €	500 €
	Total Partida	5.000 €	5.000 €	10.000 €



Costes Laborais			
Coste laboral para comercialización	0 €	30.000 €	30.000 €
Coste laboral para montaxes e desmontaxes	0 €	500 €	500 €
Coste laboral durante a feira	0 €	9.500 €	9.500 €
Total Partida	0 €	40.000 €	40.000 €
Montaxe e equipamento de stand de XERA			
Montaxe	17.000 €	1.000 €	18.000 €
Equipamento	2.500 €	0 €	2.500 €
Outros	500 €	0 €	500 €
Total Partida	20.000 €	1.000 €	21.000 €
TOTAL GASTOS FINANCIADOS	125.000 €	80.000 €	205.000 €

